

## PRESENTACIÓN TELEMÁTICA MODIFICACIÓN NO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS

-É preciso obter ou ben a **chave 365**, ou o **certificado digital**, ou **ter dni electrónico** para presentar telematicamente a documentación de modificacións (actualización estatutos, xunta directiva, cambio de enderezo...)

- 1) **Chave365:** (é unha chave asociada a unha persoa que vale só para os procedementos da Xunta de Galicia)
- 2) **Certificado digital** (é válido para todas as administracións: Autonómica, Estatal, Local, Deputación e vai asociado a unha persoa xurídica: club, asociación,...)

## FORMAS DE OBTENIR A CHAVE OU CERTIFICADO DIGITAL:

- **Para obter a chave 365** un membro do club (millor o presidente/secretario/vicepresidente...) ou xestor ten que ir co seu dni a un rexistro xeral xunta ou ao seu centro de saúde (algúns están habilitados) para que lle den a chave (**no caso de que presente a documentación persoa distinta ao presidente/a terá que achegar representación**).
- **Certificado digital asociado ao club require** 1) ir á páxina da Fabrica Nacional da Moneda e Timbre e solicitar certificado de representante de persoa xurídica-vos vai dar un código que imprimides 2) Conseguir o certificado de inscrición rexistro asoc. Deportiva do Club que ten unha validez para Facenda de 15 días hábiles (O emitimos aquí , en Deportes Xunta tanto en Vigo como Pontevedra, previo pago taxas de importe 3.02 euros) 3) Cos pasos 1 e 2 ir a Facenda e alí activan o Certificado Digital.

## PASOS PARA PRESENTAR TELEMÁTICAMENTE A DOCUMENTACIÓN:

Unha vez obtida esta chave ou certificado dixital hai que

- 1) **Entrar na páxina web: [www.sede.xunta.gal](http://www.sede.xunta.gal)**
- 2) **Pinchar “Portada Sede Electrónica Xunta de Galicia”**
- 3) **Buscar o procedemento PR946B (Mod.Rex.Ent.Deportivas)**



- 4) Presentación en Liña
- 5) Introducir Chave ou Certificado Dixital
- 6) Anexo III-Este anexo se cubre no ordenador- (é o UNICO que se cubre telemáticamente–PRESENTAR
- 7) Adjuntar documentación escaneada (ides pinchando en cada documento que previamente xa tedes escaneado en formato PDF) ¿Cal é a documentación que tedes que presentar?\*
- 8) Seguinte paso: ASINAR
- 9) Por ultimo OBTER RECIBO (que é a xustificación de que presentades a documentación)

\*Esta documentación a presentar escaneada a descargades na páxina web: [www.deportes.gal](http://www.deportes.gal) (pinchade en Rexistro Entidades Deportivas) e ao final veñen os documentos para imprimir e cubrir a man e despois escanear :según o voso caso colledes unha das seguintes opcións:



#### A) ACTUALIZACIÓN/MODIFICACIÓN ESTATUTOS:

- [Modelo para a modificación do rexistro dun club](#) (Este é o Anexo III que aparece na páxina para cubrir como solicitude telemática-é dicir, o cubrides no propio ordenador para despois enviar telemáticamente) Pinchades as aspas que se refiren á **MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS DAS ENTIDADES DEPORTIVAS E ENTIDADES MERCANTÍS**

Estes modelos que seguen a continuación son os que tedes que escanear (unha vez impresos da páxina antes mencionada ([www.deportes.gal](http://www.deportes.gal)) e cubertos á man e asinados) e adxuntar cando fagades a presentación telemática:



- a) [Modelo de estatutos dun club.odt](#) (teñen que asinar o presidente e o secretario na marxe esquerda de cada folla)
- b) [Modelo de certificación para modificacións no Rexistro](#) (poñeríades que certificades a actualización dos estatutos para adaptalos á lei do deporte) **TEN QUE SER ASSEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA.**



Aquí tamén se cambiades de enderezo poñedes que CAMBIADES O ENDEREZO SOCIAL E poñedes o novo, xa que os contestarán a este enderezo dende o Rexistro de Entidades Deportivas sito en Pontevedra

c) [PAGO DE TAXAS \(axunto modelo de tasas co email\)](#)

---

## B) ACTUALIZACIÓN/MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E CAMBIO DE XUNTA DIRECTIVA

-[Modelo para a modificación do rexistro dun club](#) (Este é o Anexo III que aparece na páxina para cubrir como solicitude telemática) :

Estes modelos que seguen a continuación son os que **tedes que escanear** (unha vez impresos da páxina antes mencionada ([www.deportes.gal](http://www.deportes.gal)) e cubertos á man e asinados) e adxuntar cando fagades a presentación telemática:



a) [Anexo II \(no que aparece a xunta directiva\) Pinchades as aspas que se refiren á MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS DAS ENTIDADES DEPORTIVAS E ENTIDADES MERCANTÍS + as aspas que se refiren a inscrición de modificación da composición da xunta de goberno.](#)

b) [Modelo de estatutos dun club.odt](#) (teñen que asinar o presidente e o secretario na marxe esquerda de ) cada folla)

c) [Modelo de certificación para modificacións no Rexistro \(NOVO\) \(poñedes que certificades a actualización dos estatutos para adaptalos á lei do deporte, así como actualización xunta directiva \) TEN QUE SER ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA.](#)

\*Aquí tamén se cambiades de enderezo poñedes que CAMBIADES O ENDEREZO SOCIAL E poñedes o novo, xa que os contestarán a este enderezo dende o Rexistro de Entidades Deportivas sito en Pontevedra

d) [Modelo de relación dos membros da xunta directiva](#) (teñen que firmar todos os membros xunta directiva actualizada) **TEDES QUE ACHEGAR COPIA DOS DNIS DOS NOVOS MEMBROS.TAMÉN ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA**

e) [PAGO DE TAXAS \(axunto modelo de tasas co email\)](#)

---

## C) CAMBIO DE XUNTA DIRECTIVA

[Modelo para a modificación do rexistro dun club](#) (Este é o Anexo III que aparece na páxina para cubrir como solicitude telemática) Tamén tedes que achegar o Anexo II (no que aparece a xunta directiva). Pinchades as aspas que se refiren á INSCRIPCIÓN MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

Estes modelos que seguen a continuación son os que tedes que escanear (unha vez impresos da páxina antes mencionada ([www.deportes.gal](http://www.deportes.gal)) e cubertos á man e asinados) e adxuntar cando fagades a presentación telemática:



a) [Modelo de certificación para modificacións no Rexistro](#) (poñedes que certificades a actualización xunta directiva ) **TEN QUE SER ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA.**

\*Aquí tamén se cambiades de enderezo poñedes que **CAMBIADES O ENDEREZO SOCIAL** E poñedes o novo, xa que os contestarán a este enderezo dende o Rexistro de Entidades Deportivas sito en Pontevedra

b) [Modelo de relación dos membros da xunta directiva](#) (teñen que firmar todos os membros xunta directiva actualizada) **TEDES QUE ACHEGAR COPIA DOS DNIS DOS NOVOS MEMBROS.TAMÉN ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA**

---

## D) SOLICITUDE DE BAIXA DO CLUBE

[Modelo para a modificación do rexistro dun club](#) (Este é o Anexo III que aparece na páxina para cubrir como solicitude telemática)

Este modelo que segue a continuación é o que tedes que escanear (unha vez impresos da páxina antes mencionada ([www.deportes.gal](http://www.deportes.gal)) e cubertos á man e asinados) e adxuntar cando fagades a presentación telemática:



- [Modelo de certificación para modificacións no Rexistro](#) (poñedes que certificades a baixa do club tedes que poñer adonde vades a destinar o capital do club e se tivese o club bienes materiais a que entidade vai parar) **TEN QUE SER ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA.**

---

## E) CAMBIO DE ENDEREZO



[Modelo para a modificación do rexistro dun club](#) (Este é o Anexo III que aparece na páxina para cubrir como solicitude telemática) . Cubrides os datos (polo de agora non hai opción de –cambio de enderezo-xa avisamos informaticos para que inclúan esta opción).

Estes modelo que segue a continuación é o que tedes que escanear (unha vez impresos da páxina antes mencionada ([www.deportes.gal](http://www.deportes.gal)) e cuberto a man e asiando) e adxuntar cando fagades a presentación telemática:



\*[Modelo de certificación para modificacións no Rexistro](#) poñedes que CAMBIADES O ENDEREZO SOCIAL E poñedes o novo enderezo social)

*Para calquera dúbida teléfonos: 886 20 65 29/986 80 55 44/-aquí é donde van a tramitar a vosa solicitude –REXISTRO ENTIDADES DEPORTIVAS PONTEVEDRA.*

*Ou no teléfono 886 21 82 82 (Sección promoción deportiva Vigo)*

**\*\*\*PARA PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN CANDO SEXA UNHA PERSOA DISTINTA AO PRESIDENTE OU PRESIDENTA DO CLUB HAY QUE ACHEGAR TAMÉN AUTORIZACIÓN DE REPRESENTACIÓN** (Aparece no inicio da páxina [www.sede.xunta.es](http://www.sede.xunta.es) ao final nun recadro que pon MODELOS NORMALIZADOS (“Representación”)